



CONCELLO DE MUROS
(A CORUÑA)

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO NÚM. 2 DA CORPORACIÓN CELEBRADA O 10 DE FEBREIRO DE 2023

PERSOAS ASISTENTES

PRESIDENTA:

Da. María Inés Monteagudo Romero (PP)

CONCELLEIROS/AS:

Da. María del Carmen González García (PP)

D. José Vázquez Rama (PP)

D. Juan Manuel Martínez Martínez (PP)

Da. Caridad González Cerviño (PSOE)

Da. María del Rosario Fernández Piñeiro (PSOE)

Da. Sandra Maneiro Pais (PSOE)

D. Ramón Lago Tajés (PSOE)

Da. María Sambade Lloréns (Non adscrita)

Da. Maruxa Martínez Romaní (BNG)

Non asisten pero xustifican a súa ausencia, Da. María Lago Lestón (BNG), Da. María Xosé Alfonso Torres (Non adscrita) e D. José Manuel Quintela Fernández (Non adscrito)

SECRETARÍA XERAL

Da. Mónica Freire Dosil

No salón de sesións da Casa Consistorial sendo as catorce horas e trinta minutos, do día de referencia, reúnen-se en primeira convocatoria os/as concelleiros/as citados/as anteriormente, co obxecto de celebrar a sesión extraordinaria do Pleno da corporación, asistidos por min, a secretaria do Concello que certifico.

Comprobada a existencia do quórum necesario, a señora alcaldesa declara aberta a sesión, con arranxo á seguinte orde do día:

ORDE DO DÍA

ÚNICO. Aprobación da solicitude de participación no Plan Provincial de Cooperación ás obras e servizos de competencia municipal POS+2023 e do POS+ADICIONAL 1/2023 da Deputación Provincial da Coruña

Intervén a alcaldesa que explica a proposta que vén ditaminada favorablemente pola comisión informativa que é do seguinte literal:

“Vista a bases reguladoras do plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de Concellos) POS+2023 e POS+ADICIONAL 1/2023, aprobado polo pleno da Deputación da Coruña na sesión ordinaria que tivo lugar o vinte e cinco de novembro de dous mil vinte e dous, publicado no BOP núm. 228 de 1 de decembro de 2022.

Vistos os proxectos de obras que o Concello de Muros ten previsto presentar a Deputación da Coruña para o seu financiamento en base a esta plan, os informes técnicos que obran no expediente e as solicitudes de autorizacións das obras, así como os informes relativos a solicitude de Gasto Corrente e de Redución de débeda con entidades financeiras

Concello de Muros

Curro da Praza, 1, Muros. 15250 A Coruña. Tel. 981826050. Fax: 981762257



CONCELLO DE MUROS
(A CORUÑA)

Visto os informes de intervención e do departamento de Servizos Sociais do Concello de Muros en relación ao financiamento con cargo sociais extraordinarios para a solicitude de axuda do POS+ADICIONAL 1/2023

En base a todo isto, esta Alcaldía eleva ao pleno da corporación e ao estudo previo por parte da comisión informativa a adopción do seguintes acordos:

1.- Participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ 2023" da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega e o préstamo provincial asignados aos obxectos que se indican a continuación, separando os que se financian con cargo a "achega provincial 2023", "achega provincial 2022" e "préstamo provincial 2023":

A) Financiamento de gastos correntes que se devenguen no exercicio 2023:

	Deputación
Achega provincial 2023 aplicada ao financiamento de gastos correntes	47.932,20 €
Achega provincial 2022 (Excepción da Base 2.1 final)	0,00 €
Subtotal gasto corrente	47.932,20 €

B) Financiamento de investimentos:

ACHEGA PROVINCIAL 2023	FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO				Orzamento total
	Deputación	Concello			
Denominación da obra ou subministración		Achega municipal	IVE soportado deducible (só cando sexa deducible nos abastecem. auga potable)	Total Concello	
Mellora de Camiños en Creo e Trión	99.410,00 €	4.200,00 €	0,00 €	4.200,00 €	103.610,00 €
Mellora de Camiños en Rebordiño	95.450,00 €	4.000,00 €	0,00 €	4.000,00 €	99.450,00 €
Subtotal investimentos achega provincial 2023	194.860,00 €	8.200,00 €	0,00 €	8.200,00 €	203.060,00 €

ACHEGA PROVINCIAL 2022 (Investimentos financeiramente sostibles)	FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO				Orzamento total
	Deputación	Concello			
Denominación da obra ou subministración		Achega municipal	IVE soportado deducible (só cando sexa deducible nos abastecem. auga potable)	Total Concello	
Mellora do pavimento da travesía da Alívia e do acceso a Ventín	149.839,42 €	3.160,58 €	0,00 €	3.160,58 €	153.000,00 €

Concello de Muros

Curro da Praza, 1, Muros. 15250 A Coruña. Tel. 981826050. Fax: 981762257



CONCELLO DE MUROS
(A CORUÑA)

Subtotal investimentos achega provincial 2022	149.839,42 €	3.160,58 €	0,00 €	3.160,58 €	153.000,00 €
--	--------------	------------	--------	------------	--------------

Aprobar os proxectos das obras ou os pregos das subministracións que se relacionan nestas táboas.

C Redución de débeda con entidades financeiras:

Entidade financeira	PRÉSTAMO PROVINCIAL 2023 aplicado á redución da débeda
Abanca	5.058,17 €
Subtotal redución de débeda con entidades financeiras	5.058,17 €

D Resumo:

POS+ 2023 RESUMO DE FINANCIAMENTO		Deputación	Concello			Orzamento Total
			Concello	IVE soportado deducible (só cando sexa deducible nos abastecem. auga potable)	Total concello	
A- GASTOS CORRENTES	Achega 2023	47.932,20€				47.932,20€
	Achega 2022 (Excep. Base 2.1)	0,00 €				0,00 €
B- INVESTIMENTOS	Achega 2023	194.860,00 €	8.200,00 €	0,00 €	8.200,00 €	203.060,00 €
	Achega 2022	149.839,42 €	3.160,58 €	0,00 €	3.160,58 €	153.000,00 €
C- REDUCCIÓN DÉBEDA	Préstamo 2023	5.058,17 €				5.058,17 €
D- TOTAL	Achega 2023	242.792,20 €	8.200,00 €	0,00 €	8.200,00 €	250.992,20 €
	Achega 2022	149.839,42 €	3.160,58 €	0,00 €	3.160,58 €	153.000,00 €
	Préstamo 2023	5.058,17 €				5.058,17 €
	TOTAL	397.689,79 €	11.360,58 €	0,00 €	11.360,58 €	409.050,37 €

2.- Aprobar o Plan Complementario do ano 2023 no que se inclúen os investimentos financeiramente sostibles que a continuación se indican e aprobar os correspondentes proxectos ou pregos de prescricións técnicas:

Denominación dos investimentos financeiramente sostibles (mínimo do 25% do total das achegas e préstamo provincial asignados)	(A) Orzamento contrata (encher só esta columna se non hai actuacións de abastecemento auga potable con IVE deducible)	(B) IVE soportado deducible (encher ademais esta columna se hai actuacións de abastecemento auga potable con IVE deducible)	(C= A-B) Orzamento subvencionable (encher esta columna se se encheu a columna B por actuacións de abastecemento con IVE deducible)
Mellora de Camiños en Solleiros	98.300,00 €		98.300,00 €
Mellora das Infraestruturas Hidráulicas en A Rola	199.658,12 €		199.658,12 €

Concello de Muros

Curro da Praza, 1, Muros. 15250 A Coruña. Tel. 981826050. Fax: 981762257



CONCELLO DE MUROS
(A CORUÑA)

TOTAIS	297.958,12 €	297.958,12 €
---------------	--------------	--------------

3.- Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

4.- Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal do 2023 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos no POS+2023 Base, se a houbera.

5.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada coa participación do concello no Plan.

6.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

7.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

8.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.”

A señora alcaldesa di que todas son obras necesarias que hai outras pero o diñeiro hai que destinalo ao que se considera máis urxente e dá paso ás intervencións.

A Sra. González sinala que o grupo de goberno tivoos en conta e di que eran partidarios de que se fixese unha obra en cada parroquia, mais cren que estas son as máis urxentes e necesarias. Di que a proposta do grupo de goberno sobre gasto corrente era moito máis grande e consensuouse na comisión informativa, polo que se meteu unha obra a maiores e di que pediron que parte do gasto corrente se destinase á recuperación dos contedores subterráneos xa que levan parados oito anos e considera que é un tema moi importante xa que Muros cada ano que pasa é máis turístico, e espera que sexan capaces entre todos e todas sacar adiante esta obra. E con respecto ao gasto social di que o partido socialista avoga por este gasto, que teñan o suficiente para atender as necesidades da veciñanza de Muros, e que teñen que darlle as grazas á Deputación da Coruña.

A Sra. Martínez di que fixeron tres propostas para incluír no POS e non se tiveron en conta ningunha, unha o arranxo da nave de Plácido, outra, a segunda fase do Cine París e a creación dun viveiro de empresas no polígono, e a contestación foi que non había tempo para facer os proxectos e sinala que non hai vontade de diálogo e como van tarde non poden atender ás súas peticións e si que lles dá moita pena que a achega da Deputación só se utilice para botar *piche* nas estradas xa que se debería empregar na mellora da cultura e do emprego e indica que non van apoiar un POS no que non as teñen en conta nin se consensúa con elas.

A Sra. Sambade sinala que non se lle pediu opinión nin se lle propuxo nada e di que os problemas acaban sendo problemas estruturais pola falta de mantemento e que a maior partida de ingresos que ten o Concello se dedique a *bachear* camiños non é o ideal e por outro lado di que preguntou na comisión informativa se había seguridade de que eses camiños fixeran a recollida dos contedores soterrados e díxoselle que non a había e di que se o investimento é para a súa casa non o faría e di que ninguén cre a estas alturas que a anterior alcaldesa non puxo en funcionamento os contedores porque non lle dou a gana, non é crible, e por iso non pode votar a favor.

A señora alcaldesa indica que o POS non toca todas as parroquias, no POS Adicional si se aprobou unha obra en Louro que está en proceso de licitación, di que todos son camiños necesarios que responden ás demandas veciñais, as obras que se propoñen non sabe se van ter financiamento ou non, pero si espera que o teñan. En canto á intervención da Sra. Martínez recórdalle que solicitou a obra de Freixeiros que se meteu no POS do ano anterior e que votaron en contra, e agora solicitan que se meta neste. Di que os problemas de mantemento veñen derivados do anterior goberno e non sabe por que non puxeron os contedores soterrados no seu día e agora os camiños si poden realizar a recollida pero hainos que poñer en funcionamento, e dá paso ás segundas intervencións.

A Sra. González sinala que hai moitos máis plans que oferta a Deputación da Coruña, de Cultura, Turismo, Deportes, etc que son exclusivamente para iso, polo que é normal que se destine o POS a obras e servizos, e con respecto a que ninguén cre o que pasou na lexislatura anterior, sinala que eles cren que os contedores non se puxeron a funcionar por un capricho literal da anterior alcaldesa e tamén o malestar que habían entre o funcionariado e o persoal laboral polo non pagamento ou que deixaron setenta procedementos xudiciais ou o interese que tiña por anular o GES de Muros, etc. E di que se gobernou a golpe de capricho e que o partido socialista vai estar apoiando as iniciativas que beneficien á veciñanza de Muros e di que van a votar a favor desta proposta.

A Sra. Martínez matiza que lles encantaría que os cartos que dá a Deputación fosen os exactos para cumprir as obra que se necesitan e oxalá foran os cartos suficientes para arranxar todo o Cine París e non por fases e se antes se empezase antes se aforrarián fases e cartos.

A Sra. Sambade di que pasou unha lexislatura enteira e a culpa segue sendo do goberno anterior, e di que non quere entrar en máis debate, pero sempre é a culpa dos mesmos.

Concello de Muros

Curro da Praza, 1, Muros. 15250 A Coruña. Tel. 981826050. Fax: 981762257



CONCELLO DE MUROS
(A CORUÑA)

A señora alcaldesa di que dende o 2019 o que se fixo no plenos foi aprobar recoñecementos extraxudiciais de crédito para pagar a provedores. E indica que a primeira fase do Cine París se fixo nesta lexislatura.

Rematadas as intervencións o Pleno da corporación, cos votos a favor do grupo municipal popular (4), do grupo municipal socialista (4), coa abstención da concelleira non adscrita, Da. Sambade Lloréns (1) e co voto en contra da concelleira do grupo municipal do BNG, Da. Martínez Romaní (1), adopta por unanimidade o seguinte:

1.- Participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ 2023" da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega e o préstamo provincial asignados aos obxectos que se indican a continuación, separando os que se financian con cargo a "achega provincial 2023", "achega provincial 2022" e "préstamo provincial 2023":

A) Financiamento de gastos correntes que se devenguen no exercicio 2023:

	Deputación
Achega provincial 2023 aplicada ao financiamento de gastos correntes	47.932,20 €
Achega provincial 2022 (Excepción da Base 2.1 final)	0,00 €
Subtotal gasto corrente	47.932,20 €

B) Financiamento de investimentos:

ACHEGA PROVINCIAL 2023	FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO				Orzamento total
	Deputación	Concello		Total Concello 0,00 €	
Denominación da obra ou subministración		Achega municipal	IVE soportado deducible (só cando sexa deducible nos abastecem. auga potable)		
Mellora de Camiños en Creo e Trión	99.410,00 €	4.200,00 €	0,00 €	4.200,00 €	103.610,00 €
Mellora de Camiños en Rebordíño	95.450,00 €	4.000,00 €	0,00 €	4.000,00 €	99.450,00 €
Subtotal investimentos achega provincial 2023	194.860,00 €	8.200,00 €	0,00 €	8.200,00 €	203.060,00 €

ACHEGA PROVINCIAL 2022 (Investimentos financeiramente sostibles)	FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO				Orzamento total
	Deputación	Concello		Total Concello	
Denominación da obra ou subministración		Achega municipal	IVE soportado deducible (só cando sexa deducible nos abastecem. auga potable)		
Mellora do pavimento da travesía da Alivia e do acceso a Ventín	149.839,42 €	3.160,58 €	0,00 €	3.160,58 €	153.000,00 €

Concello de Muros

Curro da Praza, 1, Muros. 15250 A Coruña. Tel. 981826050. Fax: 981762257



CONCELLO DE MUROS
(A CORUÑA)

Subtotal investimentos achega provincial 2022	149.839,42 €	3.160,58 €	0,00 €	3.160,58 €	153.000,00 €

Aprobar os proxectos das obras ou os pregos das subministracións que se relacionan nestas táboas.

D Redución de débeda con entidades financeiras:

Entidade financeira	PRÉSTAMO PROVINCIAL 2023 aplicado á redución da débeda
Abanca	5.058,17 €
Subtotal redución de débeda con entidades financeiras	5.058,17 €

E Resumo:

POS+ 2023 RESUMO DE FINANCIAMENTO		Deputación	Concello			Orzamento Total
			Concello	IVE soportado deducible (só cando sexa deducible nos abastecem. auga potable)	Total concello	
A- GASTOS CORRENTES	Achega 2023	47.932,20 €				47.932,20 €
	Achega 2022 (Excep. Base 2.1)	0,00 €				0,00 €
B- INVESTIMENTOS	Achega 2023	194.860,00 €	8.200,00 €	0,00 €	8.200,00 €	203.060,00 €
	Achega 2022	149.839,42 €	3.160,58 €	0,00 €	3.160,58 €	153.000,00 €
C- REDUCIÓN DÉBEDA	Préstamo 2023	5.058,17 €				5.058,17 €
D- TOTAL	Achega 2023	242.792,20 €	8.200,00 €	0,00 €	8.200,00 €	250.992,20 €
	Achega 2022	149.839,42 €	3.160,58 €	0,00 €	3.160,58 €	153.000,00 €
	Préstamo 2023	5.058,17 €				5.058,17 €
	TOTAL	397.689,79 €	11.360,58 €	0,00 €	11.360,58 €	409.050,37 €

2.- Aprobar o Plan Complementario do ano 2023 no que se inclúen os investimentos financeiramente sostibles que a continuación se indican e aprobar os correspondentes proxectos ou pregos de prescricións técnicas:

Denominación dos investimentos financeiramente sostibles (mínimo do 25% do total das achegas e préstamo provincial asignados)	(A) Orzamento contrata (encher só esta columna se non hai actuacións de abastecemento auga potable con IVE deducible)	(B) IVE soportado deducible (encher ademais esta columna se hai actuacións de abastecemento auga potable con IVE deducible)	(C= A-B) Orzamento subvencionable (encher esta columna se se encheu a columna B por actuacións de abastecemento con IVE deducible)
Mellora de Camiños en Solleiros	98.300,00 €		98.300,00 €



CONCELLO DE MUROS
(A CORUÑA)

Mellora das Infraestruturas Hidráulicas en A Rola	199.658,12 €		199.658,12 €
TOTAIS	297.958,12 €		297.958,12 €

3.- Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

4.- Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal do 2023 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos no POS+2023 Base, se a houbera.

5.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada coa participación do concello no Plan.

6.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

7.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

8.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

E sen máis asuntos que tratar, a Sra. alcaldesa dá por rematada a sesión, cando son as quince horas e cinco minutos, e de todo o que eu como secretaria dou fe.

A secretaria

Documento asinado electronicamente.